



O MUSEO DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, CORENTA E UN ANOS DESPOIS DO NACEMENTO DA ENTIDADE

Pablo Torrella Allegue *

Juan Rodríguez Silvar **

Antecedentes.

O Museo da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), nace no seo da entidade científica sen ánimo de lucro e de carácter independente que recibe o mesmo nome, e que foi creada no ano 1976 a partir do que fora o GOG (Grupo Ornitológico Galego), fundado no ano 1973.

A SGHN conta con varias delegacións e seccións espalladas por toda Galicia; figura inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións (nº 584.918), no listado das Asociacións de Medio Ambiente da Xunta de Galicia (Folio 11) e no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas (nº AO/C-000382). Ao mesmo tempo, esta entidade ocupa un posto como membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

O museo, ata o que hoxe é a súa localización actual, tal como a coñecemos, ocupou anteriormente diversos locais na cidade de Ferrol. Nos primeiros catro anos, a Delegación da SGHN dispuxo dun local cedido por un particular propietario do mesmo, ata que en 1983, o Concello de Ferrol convenía a cesión en precario unhas vellas dependencias do século XIX do que fora o Antigo Hospicio de Santa Teresa, localizado nas inmediacións da Praza do Marqués de Amboage para manter aberto ao público o “Museo e Biblioteca da Natureza”. Nesta nova localización, a entidade ía contar cun local máis acorde para poder levar a cabo as súas funcións como asociación e, ao mesmo

tempo, como centro expositivo, no que desempeñar un labor divulgativo que, aínda a día de hoxe, segue a ser unha das catro pilastras que sustentan á SGHN tal como aparecen recollidas nos seus estatutos: *estudo, divulgación, conservación e defensa do medio natural* (SGHN, 2004) co fin este, de poder cumprir o criterio seguido na formación da súa mostra expositiva: *“Que ningún animal sexa capturado ilegalmente, nin sacrificado ou danado e ningunha especie esquilhada para a súa mostra, mantendo sempre unhas normas éticas no seu contacto coa natureza, encamiñadas a non alterar o medio”*.

Neste local, de apenas 90 m², a entidade pasaría ter para o seu propio uso e o do público visitante, o que sería o xerme do actual museo tal como hoxe o coñecemos, coa súa primeira sala expositiva (Fig. 1). Nesas instalacións, cunha pequena axuda da Consellería de Cultura, organizouse a que aínda hoxe é unha das poucas bibliotecas especializadas en ciencias naturais do concello de Ferrol.



* Conservador do Museo da SGHN (museo@sghn.org).

** Delegado en Ferrol da SGHN (museo@sghn.org).

Sumado a isto, tamén contaba -aínda que o mesmo que o resto do edificio, cunhas paupérrimas e vetustas condicións- cun soto onde almacenar, conservar e preparar a meirande parte do material destinado a ser exposto.

Na actualidade, o Museo da SGHN está localizado nunhas dependencias militares desafectadas, que o Concello de Ferrol ten cedido para o seu uso por parte do Ministerio de Defensa (Concello de Ferrol, 2006) (Fig. 2). Nestes locais, ademais da propia sala expositiva e outras dependencias (oficinas, auditorio, salas de preparación e almacén de material), está a biblioteca, con máis de 2.500 volumes especializados nas diversas ramas das ciencias naturais e clasificados pola súa temática.



Con respecto ao financiamento do museo, este se mantén grazas ás cotas anuais dos socios da SGHN e, maiormente, mediante un convenio anual co Concello de Ferrol, o que permite a contratación a xornada completa de dúas persoas, para posibilitar a apertura gratuita ao público 363 días ao ano e a realización de visitas guiadas na exposición. Este tipo de visitas adáptanse a particulares, entidades ou centros educativos e de ensinanza, que proveñen principalmente de toda Galicia, apreciándose tamén un incremento de visitas turísticas.

As primeiras exposicións.

Os aportes documentais sitúan as primeiras exposicións no Antigo Hospicio de Santa Teresa no ano 1991 e baseadas en cartografía galega (SGHN, 2008; MARIÑO, 2016). Non sería ata máis tarde, cando se empezase a amosar ao público o primeiro material biolóxico que, aínda a día de hoxe, forma parte dos fondos e do patrimonio desta entidade.

A orixe deste material segue a ser froito de xuntar pequenas coleccións a partir do traballo de varias xeracións de naturalistas, que obtiñan este material grazas a cetáceos e aves abeiradas, acordos con diversos centros de recuperación de fauna salvaxe e tamén de animais atropelados atopados e recollidos por particulares, que os entregaban posteriormente á entidade. Con respecto aos restos osteolóxicos procedentes de cetáceos abeirados nas nosas costas e a súa posterior preparación, co tempo conseguíuse unha das coleccións máis completas de cetáceos da Península Ibérica, reforzada posteriormente coa colaboración mantida con outras entidades e organismos de servizo público (SGHN, 2008).

Outra parte importante dos fondos veu conformada a partir das coleccións de invertebrados e botánicas que os estudantes de carreiras universitarias como a de Bioloxía, debían confeccionar nas diferentes especialidades de zooloxía ou botánica, para puntuar nos seus estudos. Tamén se recibiu no Museo material procedente dalgún centro de ensino, ás veces moi deteriorado polo seu abandono, para enriquecer as súas coleccións.

Entre o material procedente de particulares, destacan sobre todo as coleccións de orixe persoal de naturalistas e científicos, como as do que foi Delegado en Ferrol da entidade, o botánico da USC Xavier Sónora (Ferrol, 1956-1996), cun aporte interesante de material botánico e de invertebrados mariños (BREZMES, 2017), así como a conchiliolóxica de carácter histórico do século XIX, de quen fora o Contraalmirante Claudio Montero y Gay (GOGORZA, 1887; BREZMES, 2017) e doada pola familia San Román no ano 2003.

Estrutura, órgano de goberno e representación actual do Museo da SGHN.

O Museo da SGHN está estruturado a partir da proposta da Xunta Directiva Xeral (XDX), como órgano executivo e de representación da SGHN e posteriormente ratificada pola Asemblea Xeral de socios, como órgano supremo de goberno da entidade, tal como se recoñece no título III dos estatutos (SGHN, 2004). O Museo da SGHN, forma parte da estrutura organizativa da entidade e, estatutariamente, deriva do Artigo 11, punto 5 e Artigo 21, punto 2 (SGHN, 2004).

Na actualidade, a dirección do museo está constituída por tres cargos con decisión paritaria e consensuada entre eles, dependentes da XDX da SGHN e cuxas funcións serán, ademais de propoñer á propia Dirección o desenvolvemento xeral do museo e os seus obxectivos, a estruturación das liñas divulgativas e expositivas do mesmo, distribución dos seus espazos expositivos, de arquivo e de almacenaxe, e asignación dos recursos económicos para as distintas actividades e proxectos.

Os compoñentes desta comisión son:

1. Unha persoa elixida pola XDX da SGHN e con representación na mesma como Vogal Administrador/a do museo. A súa principal función será a administrativa, portavoz do museo perante a XDX e interlocutor coas Administracións, ben directamente, ben con delegacións formais en terceiros.
2. O/A Delegado/a electo/a de Ferrol. Membro/a nato/a que prestará apoio e coordinación na dirección do museo.
3. Un/ha Conservador/a, proposto/a polos dous anteriores e ratificado pola XDX. A súa principal función será o mantemento e inventario das coleccións e poderá contar cun número discrecional de conservadores adxuntos con funcións específicas e delimitadas.

É de salientar que na actualidade, os dous cargos desempeñan o seu labor dun xeito altruísta, xa que non contan con dotación económica polo desempeño da súa actividade e o Delegado/a pola súa condición de cargo directivo.

Funcionamento do museo.

A parte económica destinada ao funcionamento vén facilitada por medio dun convenio anual asinado entre o Concello de Ferrol e o museo. Este convenio contempla a contratación de dúas monitoras: unha desempeñando labores de guía de visitas e outra con funcións maiormente administrativas. Este convenio ao mesmo tempo recolle, como destino desa partida económica, a merca de material exclusivamente destinado a funcións expositivas (mobles, paneis, etc) e, tal como se comentou anteriormente, permite tamén a apertura 363 días ao ano cun horario bastante amplo ao día e a entrada gratuíta do público.

Na actualidade, o horario de apertura queda da seguinte maneira en horario de inverno: de luns a sábado, mañás de 9:30 a 13:30 e tardes, de 16:30 a 20:30; domingos e festivos, de 10:00 a 14:00. No verán, os meses de xullo e agosto, ábrese tódolos días, de luns a domingos, de 10:00 a 14:00.

As coleccións que conforman o Museo da SGHN e a súa importancia no labor pedagóxico.

Na actualidade e tal como contamos que aconteceu nos primeiros momentos do Museo da SGHN, as coleccións que o conforman non proceden nunca de capturas nin sacrificios de exemplares para a súa exposición. A procedencia deste material, pois, segue a ter unha orixe diferente á de moitos outros museos destinados a este tipo de exposicións de material biolóxico, algúns deles con moita sona e unha ampla traxectoria histórica, onde se empregaban técnicas máis cruentas na obtención dos exemplares, ata non hai moito tempo (USC, 1998; ARAGÓN, 2014).

Atendendo ao Museo da SGHN, a súa estrutura expositiva consiste en dúas salas abertas e comunicadas sen tabicar que suman un total aproximado de 500 m², onde -aínda que dun xeito non definitivo- fíxose unha segregación das diferentes especies, atendendo á súa procedencia: terrestre ou mariña.

A sala terrestre, máis pequena e onde se inclúen as especies continentais *per se*, recolle as diferentes

mostras de insectos, os restos leñosos de árbores, espécimes de herbario e paleobotánica, exemplares de xea, rastros animais, cranios e esqueletos de aves, mamíferos carnívoros e ungulados.

No que se refire á sala mariña, aquí teñen cabida as coleccións de restos osteolóxicos de cetáceos, o que fai dela a máis espectacular. Nesta sala, móstranse desde pezas diminutas como poden ser algunhas cunchas dalgunhas especies galegas de moluscos mariños gasterópodos, ata o esqueleto case completo dun rorcual común de 18 m de lonxitude.

Nesta mesma sala, tamén se mostran diferentes réplicas en 3D de especies de peixes, tartarugas mariñas, cetáceos e pinnípedos (focas). Estas réplicas, realizadas dun xeito artesanal mediante reproducións plásticas ou de resina en moldes de escaiola a partir do exemplar orixinal, teñen como resultado a reprodución fidedigna a escala 1:1 do animal, o que dota de maior espectacularidade á mostra.

Con respecto ao labor pedagóxico do museo, este sempre estivo moi ligado e achegado á poboación, xa fose no propio local, como mediante puntuais exposicións itinerantes nos centros educativos ou en feiras monográficas. Dende 1979 desenvolveuse dentro do incipiente movemento da Educación Ambiental. Froito diso, é a gran demanda de visitas guiadas destinadas a centros de ensino ou entidades varias e, tamén, as charlas, cursos e conferencias noutras entidades que, sen dúbida, sinalan ao Museo da SGHN como unha institución única non só na cidade de Ferrol, senón tamén en toda Galicia (Figs. 3 e 4).



A pesar dos tempos que corren, inmersos nas aplicacións e plataformas tecnolóxicas, o Museo da SGHN coincide co resto de museos que acollen este tipo de exposicións a base de pezas, restos e mostras biolóxicas, tendo constancia de que a principal motivación pola que o público visitante se achega a este tipo de museos, é polo feito de poder gozar da visión e tacto de obxectos únicos, cunha carga histórica e simbólica imposible de substituír por calquera medio tecnolóxico actual (MARRA, 2017).

Sen lugar a dúbidas, o labor do museo é importante como complemento na aprendizaxe das diferentes materias das ciencias naturais, xa que moito do seu material aquí exposto, serve como elemento *palpable* -no senso literal da palabra- dentro dos contidos da educación regrada.

Sumado a isto, o feito de achegar este tipo de material ás mans do público visitante -moitas veces este formado por persoas con condicións físicas diminuídas ou simplemente cun perfil urbanita- serve, non só como medio de divulgación, senón tamén como fonte de coñecemento e, así, dunha futura conservación e respecto polo noso medio natural.

Coleccións e pezas salientables no Museo da SGHN.

Como dicimos, son varias as coleccións que se mostran ao público, mais como é lóxico debido ao espazo que ocuparían, no museo non está exposto ao completo todo o material que forma parte dos seus fondos.

Entre as coleccións máis salientables, destacan por enriba de todo as seguintes:

- Colección conquiliolóxica (cunchas de moluscos). Ocupa tres coleccións diferentes: A formada por diferentes colaboradores da entidade, a do Contraalmirante Montero y Gay e a do botánico Xavier Sónora (BREZMES, 2017).

- *Xavier Sónora Col.* Con esta definición englobanse todas as coleccións persoais do botánico Xavier Sónora, onde se aportan interesantes e diferentes materiais, tanto botánicos (flora presente no concello de Valdoviño e algas de Galicia) como de invertebrados mariños. Neste mesmo eido, está representada por cunchas dunhas 180 especies de moluscos. O seu legado inclúe tamén o depósito no museo do seu fondo documental, tanto o de tipo persoal como o científico, relacionado coa súa figura (do ano 1956 ata o ano 2016). Este traballo de arquivística, que consiste no inventario e sinatura do seu material, foi posible no pasado ano 2016 grazas a unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria da Xunta de Galicia, dentro da convocatoria de axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de Arquivos (SGHN, 2016).

- *Montero y Gay Col.* Colección conquiliolóxica do Contraalmirante Claudio Montero y Gay, quen reuniu unha importante colección de cunchas que destaca polo seu excepcional estado de conservación, a pesar de se tratar dunha colección bastante antiga. Foi doada no ano 2003 pola familia San Román, herdeira desta magnífica colección que consta de ao redor de 3000 cunchas, recollidas na súa meirande parte mentres ocupou o cargo de Segundo Xefe do Apostadeiro das Illas Filipinas, a cargo da Comisión Hidrográfica (1855-1862) (VVAA, 1868, 1884, 1886; GOGORZA, 1887, VOZ DE GALICIA, 2003; BREZMES, 2017).

- *SGHN Conq. Col.* Trátase da única colección conquiliolóxica sen pechar do Museo da SGHN, o que quere dicir que pode ir incorporando novos exemplares grazas ao aporte de colaboradores. Recolle material mariño e terrestre de moluscos e, aínda que na actualidade consta tan só dunhas 80 especies diferentes, presenta un gran valor científico ao aportar rexistros tanto do lugar e data de recollida do exemplar, como do tipo de substrato no que foi atopado e outras informacións ecolóxicas e biolóxicas de interese (SGHN, 2008).

- Colección de artrópodos decápodos. Aínda que presenta material de diferentes colectores, foron recollidos na súa meirande parte polo naturalista Xavier Sónora, quen contribuíu maiormente co seu aporte a nutrir os fondos do Museo da SGHN, grazas ás súas visitas por diferentes puntos da costa galega ao longo de anos. Conta con arredor duns 100 exemplares que se presentan tanto en seco como en líquido conservante (SGHN, 2008).

- Colección osteolóxica de mamíferos mariños. Inclúe exemplares de diferentes grupos e especies: desde pinnípedos (focas) a odontocetos (golfinhos, arroaces, caldeiróns, cachalotes, cifios...) e misticetos (baleas). Sen dúbida, esta é a parte que define mellor a especialización e experiencia da institución ao longo destes últimos anos (SGHN, 2008; BREZMES, 2017).

- Colección monográfica da caza das baleas. Recolle un total de 87 elementos diferentes -orixinais, réplicas e facsímiles- dentro do material relacionado con este mesmo asunto e algunhas destas pezas destacan precisamente por se tratar de utensilios ou elementos de carácter histórico, como arpóns manuais ou o arpón orixinal de cabeza fría do iate *Azor*, pertencente ao ditador Franco (cedido en préstamo actualmente polo Museo da SGHN ao Museo Massó-Xunta de Galicia), ou os carteis da SGHN de comezos dos anos oitenta do século pasado, demandando o fin da caza das baleas ou a liberación do *Rainbow Warrior* (buque insignia da organización *Greenpeace*).

- Colección paleontolóxica de cranios de exemplares extintos de cetáceos odontocetos da familia Ziphiidae datados no Mioceno Medio (duns 15 millóns de anos). No museo hai presenza de dous holotipos de cificio: *Choneziphius leidyi* e *Tusciziphius atlanticus*. Este material é froito do estudo realizado a partir de mostras parciais de fósiles de cranios de cifios recollidos nas costas portuguesas e españolas (Galiza e Asturias), o que deu lugar á descrición de dous novos xéneros e catro novas especies (BIANUCCI *et al.*, 2013), das que dúas están aquí depositadas por ser froito do traballo de membros do Museo da SGHN, que recibiron este material grazas á colaboración desinteresada de pescadores de diferentes localidades.

- Outras coleccións paleontolóxicas. Destacan principalmente as de dous tipos: a colección de paleobotánica, composta maiormente por rexistros fósiles pteridófitos (felgos e afíns da Era Terciaria duns 30 millóns de anos) (BREZMES, 2017) e a colección de fósiles de invertebrados mariños. Proveñen de diferentes doazóns, pero son de salientar por enriba de todas, as mostras de Adolfo Cuétara, que inclúe material recollido en Aragón, Picos de Europa e Marrocos. Esta colección foi cedida en préstamo no ano 2003 e posteriormente, doada ao Museo da SGHN neste ano 2017.

- Colección de grandes exemplares en líquidos conservantes. Destacan sobre todos eles as quenllas de augas profundas, xa que algunhas delas son rarezas por se tratar de fósiles viventes na actualidade. Tal é o caso da quenlla anguía *Chlamydoselachus anguineus* Garman, 1884 ou a quenlla fociñuda *Mitsukurina owstoni* (Jordan, 1898). Ambos exemplares son

especies moi difíciles de atopar e, ao mesmo tempo, presentan caracteres morfolóxicos moi primitivos. A carón deles, tamén destaca a vitrina da lura xigante *Architeuthis dux* Streenstrup, 1857. O exemplar exposto destaca polas súas dimensións, xa que mide uns oito metros de lonxitude cos dous tentáculos estendidos e por ter sido atopado morto en Foz (Lugo) no ano 2001.

- Colección de restos leñosos. Confeccionada maiormente polo socio Manuel Cortizas Varela. A pesares de atoparse bastante deteriorada dende hai anos, presenta sobre todo material procedente de Ferrolterra, a partir de árbores que foron cortadas por mor das inclemencias do tempo, obras públicas, etc. Moi destacable polo seu valor didáctico. Tamén hai presenza de toradas doadas polo Concello de Ferrol, algunha delas, coa súa dendrocronoloxía, o que a fai moi rechamante para o público visitante (Fig. 5).



- Colección entomolóxica. Aínda que a nivel xeral se atopa bastante deteriorada polo mal uso da mesma da man de persoal non cualificado, a parte exposta no museo ten un carácter máis didáctico. Presenta un disco dividido nos doce meses que forman o ano e as catro estacións que o compoñen. Nel, aparecen as diferentes especies de Coleóptera e Lepidóptera de Galiza, que podemos atopar atendendo á súa época de aparición no ano.

- Rochas e minerais. Son de salientar tres delas, por estar integradas por material de diferentes colectores: a correspondente ao Dr. en Xeoloxía, Francisco Canosa (con material galego), a de Bernardino Bugallo Paz (con material que provén doutras zonas peninsulares e do mundo) e a propia da SGHN.

O futuro do museo.

Na actualidade, o Museo da SGHN está a acoller unha apreciable cantidade de visitas, que se van incrementando ano tras ano. Así, o pasado ano 2016 recibiu case 10.000 visitantes repartidos entre visitas programadas e público que visitou as dependencias por carácter libre. Esta realidade demanda avanzar no proceso de inclusión do museo, tanto na Rede de Museos da Xunta de Galicia, como inscribir a Biblioteca da Natureza no Rexistro de Bibliotecas de Galicia, para o que se iniciaron as tarefas de preparación de documentos.

Por outra banda, trabállase na colaboración coa universidade, téndose asignado convenios de prácticas coa da Coruña para as prácticas do alumnado do Grao de Humanidades e da mestría de Museos, Arquivos e Bibliotecas, da que xa houbo unha quenda en 2016.

Unha última liña de actuación vai dirixida á consecución de máis apoios ao museo, tanto dende a sociedade coma das institucións, para consolidar e dar pulo a esta realidade museística, nada da entrega e xenerosidade de tantas persoas.

Bibliografía.

ARAGÓN ALBILLOS, S. (2014): *En la piel de un animal. El Museo Nacional de Ciencias Naturales y sus colecciones de Taxidermia*. Ediciones Doce Calles. CSIC. 291 pp.

BIANUCCI, G.; MIJÁN, I.; LAMBERT, O; POST, K. & MATEUS, O. (2013): "Bizarre fossil beaked whales (Odontoceti, Ziphiidae) fished from the Atlantic Ocean floor off the Iberian Peninsula". *Geodiversitas*, 35(1), pp. 105-153

BREZMES COMESAÑA, C. (2017): *Ferrol y la biología marina*. Ferrol: Edicións Embora. 199 pp.

CONCELLO DE FERROL (2006) Certificado do Secretario do Concello de Ferrol, que recolle a "Autorización á SGHN para uso do local de comandancia sito no antigo cuartel Sánchez Aguilera para calquera fin necesario para o desenvolvemento das actividades propias de dita entidade". 2+1 pp.

GOGORZA Y GONZÁLEZ, J. (1887). "Datos para la fauna filipina: Vertebrados". *Anales de la Sociedad Española de Historia Natural*, 17, pp. 247-303.

MARIÑO ALFONSO, X. (Coord.) (2016): *Informe sobre a divulgación da ciencia en Galicia*. Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega. 385 pp.

MARRA, A. (2017): "El valor de la pieza. Claves del proyecto expositivo en la museografía actual". *Revista Naturalmente del MNCN*, 11, pp.19-21.

SGHN. (2004): *Estatutos da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)*. Santiago de Compostela. 8 pp.

SGHN. (2008): *Catálogo dos fondos mariños do Museo da Natureza da Sociedade Galega de Historia Natural*. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 169 pp.

SGHN. (2015): (Inéd.). *Carta do Presidente da SGHN aos socios desta entidade, con data de 18/06/2015, na que reflicte a decisión tomada con respecto á dirección do museo, na reunión da XDX celebrada o 13 de xuño de 2015*. Santiago de Compostela.

SGHN. (2016): (Inéd.). *Arquivo persoal do botánico Xavier Sónora (1956-2016): Organización e tratamento arquivístico. Período de execución: 2016*. Proxecto-memoria para a solicitude da subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC). (1998): *Os preparadores do Museo de Historia Natural "Luis Iglesias" (1848-1998)*. Exposición «150 anos de preparadores (1848-1998) no Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela» no Colexio de Fonseca. Santiago de Compostela, Xuño 1998. 55 pp.

VVAA. (1868): *La Marina Española, Periódico de Ciencias e Intereses Marítimos*, nº 59 (01/12/1868). 12 pp.

VVAA. (1884): *La Vanguardia, Correo Nacional [de la Correspondencia de España del 22]*. Sábado, 24 de maio de 1884, pp. 3.429.

VVAA. (1886): *La Vanguardia, Correo Nacional [de los Periódicos de Madrid del 14]*. Martes, 16 de novembro de 1886, pp. 7.335.

LA VOZ DE GALICIA (Redacc.). (2003): *Una gran colección marina*. Documento en liña con data de 29/07/2003: http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2003/07/29/gran-coleccion-marina/0003_1869820.htm. Con acceso o 20/10/2015.